


UNIDADE DIDÁCTICA  
BD: CARVALHO CORAÇOM  
DE TERRA

SUSANA ÁLVAREZ



 AGAL

CARVALHO 20  
CALERO 20

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA



## INTRODUCIÓN

A banda deseñada *Carvalho Calero, Corazón de Terra* ofrécenos a oportunidade para lermos e traballarmos co alumnado a biografía do autor, un dos grandes vultos da cultura galega do S.XX e, no entanto, incomprensibelmente, un grande descoñecido para o público xeral. A súa experiencia vital é un bo pretexto para levarmos ás aulas, dun modo distendido, a Historia do século pasado e reflectirmos sobre aspectos históricos, culturais, sociais... que el propio viviu e contribuíu a pór en marcha e que explican, en boa medida, a Galiza actual. Sendo así, por que non flexibilizarmos o estudo da materia a partir da lectura dunha historia en banda deseñada? A proposta non é nova, mais non por iso, habitual.

No secundario, abordar o programa de Historia desde unha perspectiva galega acostuma a ser unha rareza. Por outro lado, a súa extensión condiciona a escolla dos contidos, gañando case sempre o relato dos feitos más xerais e afastados de nós propios. Tal vez esta proposta permita facer a diferenza e dar a coñecer a nosa propia historia entre o alumnado. Parafraseando Carvalho Calero, é ruín que asumamos a historia de xeito fatalista, porque a historia é obra da política, e o que unhas persoas fixeron, outras poden rectificalo porque “se nos topamos con umha herdança dilapidada, com um patrimonio empobrecido ou con umhas finanzas enfermas, haverá que sanear a economía degradada, e non dar como normal o estado patológico” e, da mesma forma, “se a historia do galego regista traumas e infecções que quebrantárom e depauperárom o organismo, constitui umha aberración aceitar como normal essa situación, e non proceder á curaçom dos tecidos danados, restaurando as partes doídas e aplicando a terapéutica ajeitada para devolver o vigor necesario ao conjunto afectado polo vírus”. [Conferencia pronunciada no dia 23 de maio de 1983. Publicada em Letras Galegas, p.13-20, Associaçom Galega da Língua (AGAL), Corunha 1984]

O que vas encontrar nesta unidade didáctica é un esquema de traballo a partir da lectura da BD, que pode ser feita de vez ou por partes. A proposta alterna explicacións cunha serie de tarefas destinadas a facer pesquisas e a compartir en grupo as conclusións tiradas polo alumnado. Neste sentido, o acompañamento do profesorado é imprescindible para facilitar e procurar a reflexión, que sería realmente o obxectivo a atinxir.

As tarefas foron pensadas para aproximar o alumnado a certos aspectos do S.XX, tendo nun segundo plano procesos históricos más xerais, que o profesorado podería completar ou ampliar con outros materiais complementarios, se o considerar oportuno. Como calquera unidade didáctica, é unha proposta flexíbel para ser realizada integral ou parcialmente, adaptándoa ás necesidades e ao ritmo da clase, ao longo dun trimestre.

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

Cun poema que evoca unha infancia perdida por causa da morte prematura da súa nai, a BD comeza cun Ricardo Carvalho Calero de trece anos frecuentando as clases de Manuel Comellas, profesor que despertará nel intereses intelectuais e unha incipiente sensibilidade galeguista. Corría o ano 1923, mais... como era o ambiente político e social da Galiza do inicio do século XX?

Nesta altura, Galiza arrastraba a súa antiga estrutura socioeconómica e a emigración a América continuaba a ser unha excelente válvula de escape. Non obstante, durante este primeiro terzo do século XX terá lugar unha certa modernización do país, moi ligada ás mudanzas no réxime de propiedade da terra e á consolidación dun tecido industrial no litoral. Como consecuencia, a sociedade tradicional variou a súa composición para prescindir da vella fidalguía e acoller o novo campesiñado propietario, a burguesía comercial e industrial e, por fin, un proletariado vinculado aos enclaves industriais do país.

O pano de fondo destas transformacións foi a Restauración Borbónica baixo o reinado de Alfonso XIII, perpetuador da alternancia no poder dos dous grandes partidos liberais, iniciada no final do século XIX, e xa en decadencia. A súa desatención a certos problemas de desigualdade e de inxustiza social, ben no campo ben na cidade, contribuíu a que o pobo canalizase as súas distintas sensibilidades e inquietudes, mediante diferentes partidos políticos e sindicatos, formacións como as Irmandades da Fala ou as sociedades agrarias.

## TAREFA 1

Investiga sobre o Agrarismo, as súas reivindicacións e a vida política do momento para crear a portada dun xornal afín a este movemento. O xornal debe ter un nome axeitado, xogar cos titulares e recoller unha ou varias noticias inventadas sobre a situación económica do campo galego e o problema cos foros. Alén disto, podes considerar tamén as dificultades na vida cotiá, a emigración como solución, o *Decreto Redencionista de 1926, as protestas e os obxectivos do campesiñado organizado*.

Para crealo podes usar unha aplicación tipo [canva.com](https://canva.com) (modelo de boletín informativo)



Principal periódico do Agrarismo

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

O Agrarismo nunca chegou a transformarse nunha organización política unificada, mais esta experiencia de sindicalismo agrario, que representaba as aspiracións de máis de metade do pobo galego, completouse co movemento obreiro que a partir dos grandes centros fabrís da Europa do S. XIX, tamén tiña enraizado na Galiza nas zonas industriais das Rías Baixas e da zona Ártabra. Ese Ferrol industrial, e tamén áinda mariñeiro, no cal viviu Carvalho Calero, non se entende sen o establecemento previo dun grande complexo militar, que decretado pola casa dos Borbóns ao final do S. XVIII, incluía os Reais Estaleiros. A irregular carga de traballo neles ao longo do tempo, xerou na cidade moita contestación e actividade sindical. Foi así que primeiro o Anarquismo, e o Socialismo a partir de 1890, tiveron grande implantación, de modo que a clase traballadora foise agrupando nos sindicatos CNT e UGT. Ademais, espazos como o Centro Obreiro de Cultura, o Ateneu... funcionaron como lugar de encontro e formación da clase obreira da cidade, que foi pioneira na Galiza.

Na BD (pp. 26-27) vemos a Chéli e a Carvalho Calero a xogar nunha praza ferrolá cando se encontran cunha protesta de traballadores e traballadoras a berrar proclamas a favor da loita obreira. Todo isto acontece en 1923, despois do golpe de estado de Primo de Rivera co beneplácito da monarquía. A partir de aquí, dará inicio unha ditadura que marca a década de 1920, e que vai reprimir vivamente este tipo de manifestacións.



Traballadoras da Real Fábrica de Tabacos da Coruña

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

## TAREFA 2

-Fai un glosario con conceptos a revisar do movemento obreiro: manifesto comunista, clase social, Anarcosindicalismo, Socialismo, AIT, mutua de socorros, Ludismo, xornada laboral de oito horas, salario, fenda salarial, traballar a descuberto, folga xeral, cartaz, caixa de resistencia, panfletos, semana inglesa, reforma, explotación infantil, sindicato, patrón, contrato de traballo.

Poñemos en común o significado destes conceptos e deducimos as principais reivindicacións da loita obreira.

- Se ben o Internacionalismo obreiro gañou relevancia no S. XX, na Galiza tiveron lugar algunas experiencias previas moi interesantes. Por grupos, visita a ligazón <https://acorunhadasmulleres.gal> e lede sobre Antonia Alarcón, as misteiras e as Cigarreiras da Real Fábrica de Tabacos da Coruña.

Reparamos en: cronoloxía, protagonistas, ideas, reivindicacións, iniciativas para mellorar a súa situación... Poñemos en común a información reunida e conversamos: é moi distinta a situación actual da que vivía a clase obreira da altura? Que melloras foron conseguidas e cales ficaron pendentes? Que outras necesidades a nivel laboral pensades que áinda non están cubertas actualmente? Deseña varios globos de banda deseñada onde exclames esas reivindicacións como se dun personaxe da BD se tratase.

As rúas, as prazas, os barrios... polos cales pasean Carvalho Calero e Chéli son tamén o resultado da historia económica e social da cidade, que viviu un período de bonanza durante a Primeira Guerra Mundial. Nela os estaleiros aumentaron a súa producción por estaren nun estado non directamente envolvido no conflito e, no entanto, fornecedor de materiais. As posibilidades de traballo na industria da construcción naval desencadearon un proceso migratorio interno do campo para a cidade, no cal a poboación aumentou até 25.000 habitantes aproximadamente. Ferrol pasou de ser unha pequena vila mariñeira a unha cidade con zonas diferenciadas, áinda hoxe apreciábeis. O crecemento urbano de calquera núcleo dános moita información sobre ese lugar e as persoas que nel habitan.

## TAREFA 3

Pescuda co Googlemaps: Ferrol, barrio da *Magdalena*, barrios de Esteiro e Ferrol Vello e Peirao de Coruxeiros, e infórmate sobre o urbanismo da cidade. Consegue tamén alguma fotografía da súa arquitectura típica e do trazado urbano. Conversamos sobre as averiguacións: que destacarías do urbanismo destes barrios? Tenta colocalos na súa época histórica de orixe: que aspectos dan a pista? Describe e compara as construcións dos barrios. En cales pensas que vivían a clase traballadora, os militares e a burguesía local? Como imaxinas as súas vidas cotiás? E, por último, revisa os datos fornecidos pola BD da casa familiar de Carvalho Calero: que información poderías deducir sobre a posición socioeconómica da súa familia?

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA



Grupo de teatro da Irmandade da Coruña

En 1926, Carvalho desprázase a Compostela para iniciar os seus estudos universitarios escollendo a carreira de Dereito. A cidade vaise dar a oportunidade de se envolver no activismo cultural e político do momento, comezando polo ambiente estudiantil, onde acabará liderando a FUE, Federación Universitaria Escolar.

É importante recordar que durante todo o primeiro terzo do século XX, tíñase producido unha consciencia progresiva en relación ao feito diferencial da Galiza a nivel político e cultural. As Irmandades da Fala, creadas en 1916, deran xa por superada a fase rexionalista do final do século XIX e tíñanse proclamado nacionalistas. Deste xeito, sentáronse as grandes liñas do nacionalismo político até a guerra civil de 1936. Entre as súas premisas estaban a autonomía integral para Galiza, unha organización federal a nivel peninsular incluíndo Portugal, e o republicanismo como opción preferente.

## TAREFA 4

Para lembrares o que foi o proxecto das Irmandades da Fala e a súa evolución, visualiza este vídeo: <https://vinte.praza.gal/video/os-20-do-xx-capitulo-2-as-irmandades-da-fala>

Dá unha ollada ao seguinte artigo que indaga sobre o papel de varias mulleres nas Irmandades da Fala: <https://acorunhadasmulleres.gal/irmandinas>

Sabías da existencia das Irmandiñas? Que iniciativas promoveron? Que transcendencia pensas que tiñan as súas reivindicacións? Porque non están nos teus manuais escolares? Como reescribirías o guión do vídeo anterior para termos un relato más inclusivo?

Como podemos ver no episodio 2 da BD, Carvalho Calero rapidamente entrou en contacto co círculo galeguista da cidade, no cal forxou grandes amizades. A galería de retratos vinculada ao Galeguismo da década de 1920 é xenerosa na banda deseñada e, probabelmente moitas figuras sexan bastante familiares. Todas elas, agrupábanse ao redor do Seminario de Estudos Galegos no cal colaboraban intelectuais vinculados tanto ás Irmandades como ao Grupo Nós, que xa desde 1921 viñan modernizando a producción cultural, difundíndoa a través da revista Nós.

A política cultural do Seminario coidaba da aproximación cultural galega e portuguesa apoiándose nos vínculos lingüísticos a un lado e outro do Miño. Por tanto, intelectuais de ambas as beiras, publicaron na revista Arquivos e organizaron eventos culturais conxuntamente. Durante os seus trece anos de vida, o SEG promoveu a investigación colectiva a través das súas seccións e dunha política cultural de ampla proxección, que conseguiu prestixio dentro e fóra da Galiza.



Biblioteca do Seminario de Estudios Galegos

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

## TAREFA 5

Distribuídas por parellas, procura informacións xenéricas sobre o grupo de galeguistas presentes na BD. Non te esquezas de M<sup>a</sup> Ignacia Ramos, María Miramontes e outras mulleres vinculadas ao SEG, que podes encontrar na seguinte ligazón: <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=211>

A información obtida, pode ser presentada na clase centrándose en cuestións do tipo: en que áreas de coñecemento destacaron? Sobre que asuntos pescudaron? Houbo algún aspecto das súas vidas que che sorprendese? Como pode a investigación axudar á sociedade a progresar? Reflectímos e cruzamos puntos de vista.

-Escolle unha figura do SEG, e decide seis aspectos clave que definan a súa vida intelectual e profesional a partir da información obtida. Con esa información, podemos crear un "Descobre o personaxe" dedicado ao Seminario de Estudos Galegos, utilizando a seguinte aplicación:

<https://app.genial.ly/templates/games>

O inicio de 1930 marcou unha mudanza no rumbo político: Primo de Rivera abandonou o poder por causa da retirada de apoio de Alfonso XIII. A oposición social que exerceran intelectuais, estudiantes, sindicatos e grupos nacionalistas xerou unha gran influencia. Na Galiza foi relevante a celebración, en marzo dese mesmo ano, do Pacto de Lestrobe (Dodro-A Coruña) que aglutinou boa parte do republicanismo galego na Federación Republicana Galega (FRG). Esta organización política, republicana, de esquerdas e inicialmente federalista, escolleu a Santiago Casares Quiroga, líder da Organización Republicana Galega Autónoma (ORG), para comparecer meses máis tarde nunha asemblea no País Vasco.

En Donosti, reuníronse formacións políticas a nivel estatal, para trazar conxuntamente un escenario favorábel á creación dunha república. Nacía o Pacto de San Sebastián, que evidenciaba a falta de apoio político a Alfonso XIII, pola súa vinculación coa ditadura primoriverista, e que acelerou a realización de eleccións en abril de 1931, cun cariz plebiscitario sobre a forma de governo do estado. O resultado daquelas eleccións deron o triunfo aos partidos republicanos nas capitais de provincia e nas principais cidades. Na Galiza, a opción republicana foi amplamente apoiada en cidades como a Coruña, Ferrol, Santiago, Pontevedra e Vigo. Estes resultados levaron ao rei ao exilio e á proclamación da II República española (1931-1936).

Este novo cadre político a nivel estatal xerou grandes expectativas a nivel social e democrático. Alén disto, foi entendido como unha oportunidade para desenvolver en Cataluña, País Vasco e Galiza os seus propios estatutos de autonomía, apoiándose nas respectivas traxectorias políticas e culturais. No caso de Galiza, inicialmente o proceso estatutario foi dirixido pola ORGA, mais a súa apostase polo autonomismo ficará diluída nas necesidades da política estatal, de cuxo governo formou parte. Esta deriva culminou coa súa




Pacto de Lestrobe asinado no pazo da Ermida (Dodro)

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

integración en *Izquierda Republicana* de Manuel Azaña en 1934. Por tanto, o responsável do longo e complexo proceso estatutario até o plebiscito de 1936, vai ser o Partido Galeguista, fundado en Pontevedra en decembro de 1931 por Castelao e Otero Pedrayo. Nel militaron políticos de sensibilidades variadas até a escisión do grupo máis conservador ás portas da guerra civil.

A BD (pp. 40 e 45) mostra como, por encomenda do SEG, Lois Tobío e Carvalho Calero redactan o anteproxecto do estatuto de autonomía, que é acompañado dun estudo económico realizado por Alexandre Bóveda, para reforzar a súa viabilidade. O texto estatutario, como vemos nas viñetas, é impreso na tipografía de Ánxel Casal en Compostela, como tantos traballos elaborados por intelectuais da altura. O documento vai ser un reflexo da tradición galega, republicana e federalista.



Celebración da proclamación da II República. Chantada (Lugo)

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

## TAREFA 6

Le atentamente este fragmento das *décadas* de Lois Tobío, onde o autor lembra o traballo a favor do Estatuto, e poñemos en común as respuestas a nivel de grupo:

“Coa República xurdira a esperanza de que os anceios dos galeguistas ían ter, ao cabo, cumprido fin. Estabamos seguros de que o novo réxime había de organizarse nunha base federal, co que podería resolverse o longo preito das nacionalidades [...]”

Na biblioteca da facultade de Dereito, Carballo Calero e mais eu, tendo á vista os textos constitucionais ou estatutarios das nacións que chegaran ao autogoberno de resultas da primeira guerra mundial, fomos redactando o noso anteproxecto [...] E por estarmos seguros de que esta (a República) había de ser federal, o artigo primeiro quedou redactado así: “Galiza é un Estado libre dentro da república española”. Seica foi o primeiro paso que daquela se dera en toda España nesta dirección”

- Porque no Galeguismo pensaban que un sistema federal podería resolver "o longo pleito das nacionalidades"? Razoa a túa resposta.
- Nesta web poderás ler sobre o longo proceso para a aprobación do estatuto <https://www.acalexandreboveda.gal/estatuto-do-36/> e comparar o contido do texto proposto polo SEG co que foi finalmente considerado.
- A campaña a favor do estatuto de 1936 contou coa arte ao servizo da política. Reflicte sobre a importancia de termos un estatuto propio e, destacando o aspecto que consideres más relevante ou vantaxoso para a sociedade galega, elabora un cartel que forme parte da campaña para a súa aprobación ou mellora. Podes procurar inspiración nalgúns dos orixinais aquí:

<https://namorartedegalicia.wordpress.com/2015/07/14/os-carteis-do-estatuto-de-autonomia-de-1936/>



Mitin de Castelao no teatro Alcázar de Madrid a favor do Estatuto. 1936.

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

Carvalho Calero viviu a etapa republicana no seu Ferrol natal, onde vai promover moita actividade política e cultural como membro do Partido Galeguista, no cal acabou sendo membro do seu Consello. Por esta razón, foi enviado a Madrid como representante para a formación do goberno da Frente Popular, tras as eleccións de 1936, nas cales o Partido Galeguista obtivera tres deputados para a coalición de esquerdas: Castelao, Ramón Suárez Picallo e Antón Vilar Ponte.

A tensión social anterior ao inicio da guerra civil é algo que podemos observar na BD (p. 54) a través das proclamacións e símbolos de varios personaxes no medio dunha rúa calquera de Ferrol.

## TAREFA 7

Observamos a historieta e analizamos as dúas escenas complementarias en que dous grupos se increpan vivamente:



-Que era a Falange e cales as súas ideas principais? Que grupos sociais pensas que apoianban o seu discurso e porqué?

-Lémbraste do que eran a burguesía e o proletariado: que contradición parece haber entre ambos os grupos? Por que se menciona a Rusia nesta escena? Con que ideoloxía identificas estes personaxes e que grupos sociais se sentían más aliñados con ela?

-Por último, poderías asociar os símbolos da escena da camioneta cos bandos que finalmente van loitar na Guerra Civil? Esta tensión ideolóxica era exclusiva da España na década de 30? Localiza máis exemplos na Europa do momento.

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

As semanas anteriores á Guerra Civil de 1936 foron marcadas por esta polarización ideolóxica, a tensión social, a recta final do proceso autonómico galego e os asasinatos de Calvo Sotelo e o Tenente Castillo, que aceleraron o curso dos acontecementos iniciando un conflito que había durar até 1939.

A sublevación do exército en África avanzou cara á península no 18 de xullo, e o golpe de estado protagonizado polos Xenerais Sanjurjo, Franco e Mola foi apoiado por unha parte do exército e por carlistas, monárquicos, conservadores, falanxistas e gran parte da Igrexa, contrarios ás forzas de esquerda que formaban o goberno lexítimo da Frente Popular. O territorio foi rapidamente dividido en dúas zonas baixo a influencia dos respectivos bandos. Á súa vez, ambos contaron con apoio internacional. O bando sublevado recibirá axuda da Italia fascista e da Alemaña Nazi, mentres o goberno da República será asistido polas Brigadas Internacionais e pola URSS.

O inicio da rebelión militar sorprende a Carvalho Calero en Madrid, a onde viaxara para se presentar a un concurso público de acceso ao corpo de catedráticos de Ensino Secundario. Carvalho defendeu primeiro a República en Madrid, despois en Valencia e xa ao final da guerra, en Andalucía. Boa parte destes feitos e o seu compromiso antifascista son mostrados no episodio 3 da BD.



Mulleres antifascistas da *Unión de Mujeres Españolas*

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

## TAREFA 8

Imaxina que es unha xornalista de guerra en 1939 e tes que cubrir o conflito para informar a un público internacional. Para a súa cobertura, documéntate sobre o desenvolvemento da guerra, a súa xeografía, o exército e as milicias, o papel da muller no conflito, a vida cotiá na fronte e a retagarda, as consecuencias inmediatas...

A túa reportaxe ten que ir acompañada por imaxes reais. Para iso, procura co Google o nome destes famosos/as fotógrafos/as que inmortalizaron a guerra civil española como Gerda Taro e Robert Capa, Hermanos Mayo, Agustí Centelles, Santos Yubero, Josep Brangulí...

Podes presentar a túa reportaxe en formato vídeo, por exemplo.



Mulleres represaliadas co cabelo rapado

En 1936, Galiza non se transformou nunha sanguenta fronte de batalla porque ficou integrada praticamente desde o inicio en territorio baixo control do bando sublevado, ao cal forneceu materiais, e até quince quintos de homes para loitar na fronte. No entanto, a represión foi moi dura durante a guerra e a posguerra inmediata. Nas palabras do propio Xeneral Mola: "Hay que sembrar el terror... hay que dejar la sensación de dominio eliminando sin escrúpulos ni vacilación a todos los que no piensen como nosotros". Esa persecución foi especialmente dura contra líderes sindicais, membros de partidos de esquerda, intelectuais, militares republicanos e docentes. O elevado número de paseados permite constatar que o tecido asociativo e a participación política era ampla na sociedade galega de 1936.

Esta realidade está presente na BD (p. 66) cando se produce o reencontro entre Lois Tobio e Carvalho Calero en Valencia. Naquela conversa lembran varios galeguistas fusilados en agosto de 1936. A escena mostra ao fondo unha obra de Castelao titulada *A derradeira lección do Mestre* quen a través da súa faceta de creador plástico, ilustra a represión na Galiza.

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

## TAREFA 9

- Visita o sitio web do Museo de Pontevedra e, en parellas, escolle outros deseños dos *Álbums da Guerra* para comentar na aula: <http://www.museo.depo.gal/colección/catalogo.castelao>

A información obtida é compartida centrándose en cuestións deste tipo: o contido da escena, a súa expresividade, o sentido da frase ao pé, etc.

Reflicte: coñecías a obra gráfica de Castelao? Tiñas coñecemento sobre as situacións mostradas nelas? Cal podería ser o destino de Carvalho Calero no caso de ter permanecido na Galiza naquel momento? Argumenta a túa resposta.

- Preparamos unha actividade sobre memoria histórica que envolve o manexo de fontes orais e a conversación activa con persoas vellas: hai no teu ambiente próximo alguén que vivise directa ou indirectamente a guerra civil española e o franquismo? É valioso termos memoria de episodios históricos mesmo se estes son tráxicos e recentes no tempo? É fácil falar disto?

O profesorado acordará coa clase unhas preguntas para entrevistar persoas que desexen colaborar cun traballo escolar ao redor da vida baixo a ditadura franquista: a represión, a falta de liberdades, cuestións da vida diaria, etc. As entrevistas, transcritas ou en formato audiovisual, poden ser acompañadas por fotografías antigas, imaxes de obxectos significativos cunha breve descripción... Todo o material resultante da experiencia pode ser hospedado nun *Google Site* ou similar, sobre a memoria recente do teu Concello en relación a esta temática.



A escola franquista e os valores do rexime

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

En 1941 Carvalho Calero regresa a Galiza despois de ter estado preso en Xaén desde o final da guerra. Tras a vitoria do lado sublevado, a posguerra foi marcada pola carestía, o racionamento e as receitas autárquicas. O novo goberno de tipo fascista restrinxirá liberdades e dereitos civís, e paralizará as aspiracións autonomistas. A ditadura franquista exerceu un forte control sobre o pensamento e serviuse do medo como arma eficaz para o control social.

Ao final do episodio 4 da BD, encontramos o poema *Como pudemos viver?* do poemario póstumo *Reticências* escrito por Carvalho Calero. A través del podemos entender o clima social que se respiraba durante a ditadura.

## TAREFA 10

- Realiza unha lectura demorada dos seus versos. Como evoca Carvalho Calero aquel tempo neste poema? En grupos, infórmate sobre:
  - O papel da igrexa católica dentro do franquismo
  - A escola e os valores do réxime
  - A uniformización cultural e os usos lingüísticos na ditadura
  - O control social: a sospeita permanente e a delación
  - Censura e control da información nos medios de comunicación

-Por outro lado, a resposta social ás restricións do franquismo tamén contou con reaccións combativas. Le o seguinte artigo para saberes máis sobre a guerrilla antifranquista: obxectivos, o territorio, a participación da muller, redes de axuda, castigos habituais... <https://www.mazarelos.gal/2019/10/29/as-guerrilleiras-antifranquistas-galegas/>

A información obtida é partillada para reflectirmos sobre os mecanismos de control social que pode ter un réxime político e a importancia da resposta cidadá.



América Latina acolleu o exilio republicano

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

Neste contexto, a actividade política e cultural viviu momentos difíciles marcados polas restricións do franquismo. A represión durante a guerra e a posguerra, acabou coa vida de moitas persoas comprometidas política ou culturalmente. Algúns conseguiron exiliarse. América Latina, previa pasaxe por Francia ou Portugal, recibiu o maior número de persoas. Outros, polo contrario, permaneceron baixo o lousa da ditadura. Estas circunstancias serán denominadas exilio exterior e interior, respectivamente, facendo que o espazo cultural galego se ampliase xeograficamente a ambos os lados do Atlántico.

O círculo galeguista que protagonizou o chamado exilio exterior, dentro da diversidade que foi aflorando nesta nova concxuntura, conseguiu crear unha comunidade bastante activa, principalmente en Bos Aires. Alí xerouse un ambiente propicio para a dinamización cultural e política, creándose o Consello de Galiza e sendo Castelao o principal referente.

Na BD (p.72) vemos unha escena na cal Carvalho Calero recibe un exemplar do *Sempre en Galiza de Castelao*, obra capital do pensamento nacionalista publicado en 1944, e que como tantas outras publicacións, chegaban a Galiza contornando os obstáculos do réxime.

## TAREFA 11

A comunicación epistolar foi activa entre membros do exilio interior e exterior e teceu redes de cooperación. Escolle remitente e destinatario, e redacta unha carta entre galeguistas onde comparten informacións sobre a experiencia no exilio arxentino. Podes ficcionar o relato, ao mesmo tempo que inclúes datos reais de forma coherente, para plasmaries a vida e a actividade naquela altura.

Para saberes máis e inspirarte, podes procurar informacións sobre exiliados relevantes, os seus proxectos culturais e políticos... Usa as palabras chave "exilio Galego 1936" e "Consello de Galiza".

Esta Fotogalería pode ser útil tamén: [http://culturagalega.gal/exilio/galeria\\_castelao.php?gal=1](http://culturagalega.gal/exilio/galeria_castelao.php?gal=1)



R.Piñeiro sentado na sua mesa camilla, por  
Siro. 2009

Por outro lado, os galeguistas sobreviventes da barbarie que ficaran na Galiza viviron o exilio interior marcado pola clandestinidade. De todos eles, Ramón Piñeiro gañou un especial protagonismo para o futuro. Tras a tentativa fracasada de reactivación do Partido Galeguista e do seu paso por prisión, considerou que, na concxuntura política daquela altura, non era viábel o activismo puramente político e, por tanto, impúñase un traballo de tipo cultural para sustentar unha conciencia de galegideade. Esta nova perspectiva distanciábase da defendida por Castelao e boa parte do exilio exterior, que continuaban a defender o lexítimo goberno republicano e o estatuto de autonomía de 1936. Piñeiro consideraba que esa vía estaba esgotada e lonxe da realidade política do momento, cuxa urxencia era a democratización do sistema e non tanto a súa forma de goberno. Por iso, desde o seu punto de vista, era recomendábel que o rumbo político fose dirixido desde a propia Galiza. As circunstancias forzaron un distanciamento entre as dúas posicións.

En 1950, tras a Segunda Guerra Mundial, será establecida unha

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

nova orde política marcada pola lóxica da Guerra Fría. Neste contexto, o réxime franquista encontrará unha maior aceptación a nivel internacional, polo seu carácter anticomunista e polas vantaxes xeoestratégicas que podería facilitar aos Estados Unidos. Este cadre xeral e o falecemento de Castelao marcaron un punto de inflexión que provocou a reformulación definitiva do Galeguismo. Por un lado, aconteceu a disolución do Partido Galeguista e, por outro, o nacemento da Editorial Galaxia, a alternativa cultural para combater a forte desgaleguización fomentada polo franquismo.

Como vemos na BD a partir do episodio 4, xa na posguerra e a partir de 1950, Carvalho Calero reactivará o seu contacto co círculo galeguista: Piñeiro, Del Riego... A partir de aquí, vaise vincular a Galaxia, desenvolvendo unha gran actividade literaria e investigadora, da cal sairá a súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1963) e a *Gramática Elemental del Gallego Común* (1966).

## TAREFA 12

Le atentamente o fragmento dunha carta de Piñeiro a Rodolfo Prada, que estaba en Bos Aires, onde explica a estratexia seguida desde 1950 polo Galeguismo interior, e responde ás preguntas:

"No pasado, o galeguismo era un partido entre tódolos que actuaban en Galicia; no futuro, será un imperativo de tódolos galegos. A maioría de idade política de Galicia consiste mesmamente en que deixe de existir un partido galeguista para que sexan galeguistas tódolos partidos [...] O noso problema político era, mesmo por iso, o seguinte: ou encerra-lo galeguismo nun partido ou resignarnos a que Galicia fose invadida polas distintas forzas dirixidas desde Madrid, ou transforma-lo galeguismo na conciencia xenérica de Galicia e lograr así que a sociedade galega cree ela mesma as correntes políticas que dominan en Europa, que dominarán en España e que, inevitablemente, dominarán tamén en Galicia. O verdadeiramente importante non é que en Galicia haxa un partido galeguista; pola contra, o que importa é que, en lugar dun partido galeguista teñamos unha Galicia galeguista e que esa Galicia galeguista cree un socialismo galego, un maoísmo galego, unha social-democracia galega, unha democracia cristiá galega, etc. único xeito de combater con eficacia o eterno perigo da colonización política."

- "Transformar o Galeguismo na consciencia xenérica da Galiza". Reflicte a partir das ideas expostas no texto e explica coas túas propias palabras o que o seu autor quere dicir.
- Procura informacións sobre a *mesa camilla* de Ramón Piñeiro que tamén se intúe na BD. Valora a súa utilidade especialmente nun contexto de falta de liberdades.
- Que sabes sobre a histórica Editorial Galaxia? Infórmate sobre o tipo de publicacións e obxectivos daquel proxecto. Continúa activa actualmente? Cantos libros tes lido ou tes na casa desta editora? Que outras editoras en galego coñeces?

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

Esteinxente traballo para Galaxia foi realizado desde Lugo, entre 1950 e 1965, onde exerceu como docente e Conselleiro Delegado do Colexio Fingoi, ante a imposibilidade de ser nomeado director por razóns políticas. Alí, o seu promotor Antonio Fernández López e el tornaron en realidade unha escola continuadora do espírito da *Institución Libre de Enseñanza*, e que recollía a testemuña das Escolas de Ensino Galego das Irmandades da Fala. O proxecto baseaba o proceso de aprendizaxe na realidade próxima, isto é, do local ao global, sen prescindir do galego como lingua vehicular, na medida do posíbel. Nos tempos da ditadura, aquel proxecto educativo foi algo extraordinario desenvolvido como un centro experimental.

A partir de 1965, Carvalho Calero continuará a súa carreira docente en Compostela no instituto Rosalia de Castro e finalmente na Universidade, onde exerceu a primeira cátedra de Lingua e Literatura Galega desta institución.



Grupo de teatro no colexiio Fingoi

## TAREFA 13

- Le o seguinte fragmento de *Quince anos en Lugo*, conferencia pronunciada en 1974 por Carvalho Calero no Centro Lucense de Bos Aires e compárao coa pedagogía da escola franquista :

“Mais importante que aprender nos livros e nos mapas os afluentes do Óbi, como se fossem siberianos, ou os do Congo, como se fossem bantus, era levá-los à meseta das Pias para que estudassem sobre o terreno a dispersom das águas e vissem com os seus próprios olhos como, ao Norte, fluía o Mandeu cara a ria de Betanços; como, ao Leste, as águas do Narla iam empatar com O Minho; de que jeito, ao Sul, a corrente do Furelos procurava a bacia do Ulha; e como, em direcçom occidental, fluíam cara o mar as ondas do Tambre. As excursons ou viages de estudos por Galiza, realizadas os dias feriados, e precedidas de umha cuidadosa planificaçom, permitiam aos alumnos familiarizarem-se com a sua terra. A observaçom da paisage, dos tipos de cultivo, das formas de populaçom, dos monumentos arquitectónicos e das manifestaçons da vida artesá e industrial, aspiravam a proporcionar aos escolares um conhecimento directo da realidade galega, que lhes servisse de base práctica para a comprensom das diversas facetas da realidade universal. Mas o Colégio contava com instalacions permanentes onde estudar empiricamente nas aulas diárias esse mundo que se visitava nas excursons para comprehendê-lo na sua plenitude[...] Era um esforço que realizávamos para conseguir que cando aqueles alumnos, em intercâmbios que organizávamos, saíssem a completar a sua educaçom no estrangeiro, levassem os chumbos de um arraigo efectivo na realidade do seu país, que lhes permitisse contrastar a experiência que com as suas viages adquiriam. Umha cultura livresca faria deles fora e dentro desvalidos eruditos”

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

- É importante o espazo onde aprendemos? Fai unha visita virtual ao MUPEGA, Museo Pedagóxico da Galiza, para saberes como evolucionaron as clases dunha escola ao longo do S.XX. <https://my.matterport.com/show/?m=yETqPH1m9Cx>

- A partir da información anterior, compartimos opinións sobre as seguintes cuestións:

Que diferenzas e semellanzas encontrais nas clases de onte e hoxe? As túas materias de estudo están relacionadas coa realidade próxima? E co noso idioma? Que propostas de mellora farías no teu centro escolar neste sentido? Como pode o modelo escolar influenciar o futuro dunha sociedade?

Por tanto, durante a ditadura, a Editorial Galaxia foi presentando a súa estratexia culturalista coñecida como Piñeirismo, por ser Ramón Piñeiro o seu mentor. Como esta orientación non agradaba ao conxunto do Galeguismo, na fase final da ditadura serviu de estímulo para a súa reorganización política. Así, desde mediados de 1960, grupos de esquerda foron desmarcándose do Piñeirismo, ao que identificaban cunha posición más conservadora. Por todo isto, naceron o Partido Socialista Galego (PSG) e a Unión do Pobo Galego (UPG), incorporando no seu ideario marxista posiciones ideolóxicas como a estratexia de liberación nacional, procedente da experiencia descolonizadora do Terceiro Mundo, que estaba a acontecer tras a Segunda Guerra Mundial.

O contexto continuaba a impor a clandestinidade, mais o seu activismo se manifestou a través do tecido asociativo e da súa participación nas mobilizacións cidadás do momento, que eran no seu conxunto de natureza diversa (obreira, ecoloxista, cultural, feminista, estudiantil...) mais todas elas marcadas polo seu carácter antifranquista, como unha reivindicación indispensábel para alcanzaren os seus obxectivos particulares. A pretendida paz social que difundía o réxime, e que pode ser observada nos carteis de propaganda "España en paz", presentes no episodio 5 da BD, non era a realidade de fondo.

## TAREFA 14

En Galiza, na fase final do franquismo, entre toda a actividade contestaria tiveron un grande impacto as folgas de 1972 en Ferrol e Vigo, que evidenciaban a conflitividade en torno ás súas correspondentes industrias de enclave. Esta realidade tamén dá conta da progresiva transformación económica do país, cada vez más distante dos sectores económicos tradicionais.

Visualiza o documental *Esto se cae!* (30 min.) producido polo Concello de Ferrol e reflicte sobre as seguintes preguntas:



<https://youtu.be/nMsg9nAgpLo>

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

- As protagonistas do documental falan de recuperar os seus nomes propios para relatarmos os acontecementos de 10 de marzo... Por que o consideran importante? Que pensas ti sobre isto? Valoriza a participación destas mulleres nos feitos relatados.
- Por que se inician estas mobilizacions? O que eran Bazan e Astano para Ferrol?
- Por que pensas que as forzas de seguranza actuaron tan violentamente contra os folguistas? Cales eran as sancions habituais mencionadas no documental?
- Que é actualmente conmemorado cada 10 de marzo? Razoa a resposta.
- Consideras que un documental deste tipo é unha fonte de información histórica? Por que?

Para saberes máis sobre este asunto, dá unha ollada a este artigo xornalístico.

<https://www.mazarelos.gal/2019/03/17/vigo-1972/>



Carga policial durante a folga xeral en Vigo, 1972

Tras a morte do Xeneral Franco en 1975, iniciouse un proceso de democratización do Estado. Esta transición tivo como motor a tensión entre forzas antifranquistas, moitas delas partidarias dunha ruptura política co franquismo, e outras que defendían un proceso reformista. En Galiza, a ruptura foi canalizada a través do Consello de Forzas Políticas Galegas impulsado desde o entorno da Unión do Pobo Galego (UPG) e, o reformismo concentrouse ao redor da Xunta Democrática, liderada desde Viana do Castelo polo Partido Comunista da Galiza (PCG). Por outro lado, o galeguismo exterior non conseguiu chegar a este momento coa forza suficiente para lexitimar a herdanza republicana mantida desde o Consello de Galiza no exilio arxentino.

Sexa como for, as primeiras eleccións xerais en xuño de 1977 deixaron na Galiza un resultado distinto do esperado. Así, as formacións de esquerda, tanto nacionalistas como de ámbito estatal, tan presentes nas protestas do tardofranquismo, recibiron un escaso apoio nas urnas. No entanto, a Unión do Centro Democrático (UCD) foi a forza más votada e pasou a formar parte das cortes constituíntes de 1977. Por tanto, a transición na Galiza foi liderada por un partido político estatal de centro-dereita, aínda que o proceso autonómico non tivese sido posibel sen a bagaxe política e cultural acumulada polo Galeguismo durante máis dun século.

Neste contexto, foi creada unha Asemblea de Parlamentarios da Galiza, embrión da actual Xunta, e iniciouse a redacción dun estatuto de autonomía. A construcción do autogoberno estaría marcada pola demora e as limitacions en competencias en relación a Cataluña e País Vasco, que estaban a vivir o mesmo proceso. Estes feitos contaron cunha reacción social ampla, tendo de fondo a aprobación da constitución de 1978.

# BANDA DESENADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA



Xornada pola autonomía. Vigo, 1977

## TAREFA 15

Para nos aproximar desde distintos puntos de vista a este episodio histórico, visualiza o documental *Galicia na Transición* (30 min - <https://www.youtube.com/watch?v=vZoRurboLP0>) e discute en grupo a seguinte afirmación “todas as forzas políticas que figuran no documental apoiaban unha transición á democracia sen reservas”. Para alén diso, procura información para diferenciar entre autonomismo e soberanismo. Compara o modelo de estado autonómico aprobado finalmente co de estado federal. É esta cuestión unha novedade na política estatal?



Traballa en grupo con prensa dixital. Usando as palabras chave "Estatuto da Aldraxe" procura información sobre o novo proceso estatutario na Galiza, até a súa aprobación en 1980. Obtén fotografías, titulares de prensa da época e más recentes e os contidos principais do estatuto final. Comparte os teus descubrimientos nun panel colaborativo de <https://padlet.com> para reconstruírmos os feitos e preguntármonos polo valor da mobilización cidadá como un medio para conseguirmos adiantos sociais.

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

Co Estatuto de Autonomía aprobado en 1981, Galiza pasou a ser unha Comunidade Autónoma con institucións propias que progresivamente foron asumindo competencias en certas áreas. O Estado das Autonomías comezaba a andar.

A chegada da democracia tamén significou unha mudanza en materia lingüística, xa que o galego foi recoñecido como lingua oficial no Estatuto de Autonomía, e era necesaria unha norma para ser ensinada nas escolas e utilizada pola Administración. Ao final dos anos setenta, a Xunta preautonómica confiou este traballo a unha comisión lingüística dirixida por Carvalho Calero, que gozaba de gran reputación no ámbito académico. No entanto, finalmente, a Real Academia Galega seguiu os criterios dos lingüistas do ILG, Instituto da Lingua Galega. En 1982 foron aprobadas as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, de modo que a norma proposta inicialmente por Carvalho Calero ficaba invalidada. Con certeza, a normativa aprobada encaixaba mellor co novo modelo de estado, no cal o galego ficaba reducido ao ámbito de lingua autonómica. Despois, en resposta ás NOMIG, a comisión Lingüística da AGAL, Associaçom Galega da Lingua, publicará o seu *Estudo Crítico* (1983), unha traballo que analizaba criticamente o contido da normativa oficial, ao mesmo tempo que expuña a súa norma alternativa converxente co portugués.

A BD mostra de inicio a fin o compromiso de Carvalho Calero cunha visión extensa para a lingua galega. No desenvolvemento da historia vémolo a expor o seu punto de vista sobre a relación entre galego e portugués aos seus compañeiros do Seminario de Estudos Galegos, e a lembrar que xa desde o Rexurdimento, o Galeguismo tiña reflectido sobre ese mesmo asunto (<https://carvalhocalero2010.net/citacoes/>). En segundo lugar, podemos ver o peso de Constantino García e a alianza ILG-RAG para a aprobación da normativa vixente. Tamén observamos a exclusión progresiva de Carvalho Calero dos círculos académicos e culturais, por compartir con Rodrigues Lapa unha perspectiva reintegracionista para o galego, é dicir, a aproximación ortográfica ao portugués. E xa por último, vemos un Carvalho Calero a expor unha visión madura sobre a cuestión, na presentación do seu traballo *Problemas da Lingua Galega* (1981) así como no *Primeiro Congreso Internacional da Lingua Galego-Portuguesa na Galiza* (1984).



Carvalho Calero, compromiso co futuro da lingua

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

## TAREFA 16

Así foron os acontecementos... Non obstante, a BD comeza cunha ucronía e unha liña do tempo alternativa: a norma do galego non foi a do ILG-RAG mais a emanada da comisión lingüística de 1980. Como sería a sociedade galega de hoxe se a decisión fose esa? Como nos veríamos, como nos verían?.

Preparamos un debate distendido na clase sobre o futuro da lingua. A cuestión pode ser:

“É O PORTUGUÉS REALMENTE UNHA OPORTUNIDADE DE FUTURO PARA O GALEGO E PARA GALIZA?

Para realizar o debate, dividiremos a clase en dous equipos que defenderán a posición a favor e a contraria. Para iniciar a preparación do argumentario, podes comenzar por revisar a BD para compilar as ideas de Carvalho Calero en relación á lingua galega.

Tamén podes consultar estas e outras fontes do lado reintegracionista:

<https://padlet.com/ccsssusana/b3ygad4ytqe52r6a>

... E estas e outras fontes, do lado da norma Ilg-Rag no seguinte panel de informacóns:

<https://padlet.com/ccsssusana/awi601znzy38xck>

# BANDA DESEÑADA: CARVALHO CORACOM DE TERRA

## BIBLIOGRAFÍA:

- Carvalho Calero, R. (2020): *Quince anos en Lugo*. <https://carballocaleroenlugo.org/>
- Fernández, E. (2017) *O movemento obreiro e as Irmandades da Fala en Ferrol nos inicios do S.XX*. [https://www.ivoox.com/o-movemento-obreiro-e-as-irmandades-da-fala-audios-mp3\\_rf\\_47049593\\_1.html](https://www.ivoox.com/o-movemento-obreiro-e-as-irmandades-da-fala-audios-mp3_rf_47049593_1.html). Fundación Artábrria.
- Marco, A. (2010): *Carvalho Calero na política galeguista*. En Seoane, E. (Coord.), *Encontros con Don Ricardo. Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo* (pp.75-99). Concello de Ferrol.
- Martínez Torres, M. (2019): *Rachar as cadeas e vivir en revolución: a folga xeral de Vigo (setembro de 1972)*. *Revista Mazarelos*. <https://www.mazarelos.gal/2019/03/17/vigo-1972/>
- Montero Santalha, J. M. (2010): *Os anos ferrolanos de Carvalho Calero*. En Seoane, E. (Coord.), *Encontros con Don Ricardo. Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo* (pp.11-39). Concello de Ferrol.
- Paradelo, X., Veiga, I., Suárez, I. (2020): *Ricardo Carvalho Calero Coraçom de Terra*. Através Editora & Demo Editorial.
- Villares, R. (2019): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

**Autoría:** Susana Álvarez

**Coordinada por:** Valentim Fagim

**Maquetada por:** Uxio Outeiro

